

Sistemas de rega e melloras do solo:

Denominación:

Regadío a pé.

Rega aspersión sen cabezal.

Rega localizada sen cabezal.

Outros sistemas de rega.

Pozo barrena (incluída motobomba).

Pozo artesán.

Estanque ou balsa.

Conducións xerais (refírese á toma de auga ata a entrada á explotación).

Gastos diversos rega.

Saneamento e drenaxe.

Nivelación de terras.

Arroteamento, decrúa.

Varios traballos de mellora solo.

Electrificación:

Denominación:

Electrificación por liña.

Grupo electrógeno.

Transformador.

Electrificacións varias.

Protección e mellora da cuberta vexetal:

Denominación:

Resementeira e fertilización.

Roza de matogueira.

Plantación especies autóctonas.

Control accións eólicas.

Protección e mellora do ambiente:

Denominación:

Sebe vexetal.

Adecuación edificacións existentes.

Outras finalidades:

Denominación:

Honorarios de proxectos/anteprojectos/informes técnicos:

Depósito de auga.

Automatización rega.

Pastor eléctrico.

Camas de goma para cubículos.

Outros investimentos destinados á redución de custos nas explotacións leiteiras.

Investimentos destinados á redución dos gastos en enerxía, mediante o aforro e a eficiencia enerxética

Denominación:

Baterías de condensadores.

Intercambiador de placas de prearrefriamento.

Recuperador de calor do sistema de arrefriamento do leite.

Variador de frecuencia nas bombas de baleiro de instalación de muxidura.

Outros investimentos destinados ao aforro e a eficiencia enerxética nas explotacións leiteiras.

Investimentos destinados á substitución do uso de enerxías convencionais por enerxías renovables

Denominación:

Módulo solar térmica.

Módulo solar fotovoltaica illada.

Módulo mixtas eólica-solar fotovoltaica.

Módulo biomasa térmica.

Outros investimentos destinados á substitución do uso de enerxías convencionais nas explotacións leiteiras.

Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

A Orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009 (DOG número 21, do 30 de xaneiro) regula o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión, para o ano 2009, das axudas previstas dentro do réxime do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría, así como a indemnización compensatoria.

Na súa disposición adicional primeira, parágrafo 1, precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas, e no seu parágrafo 3 sinálase que as dotacións iniciais se poderán incrementar, se for procedente, tramitando o expediente de modificación de crédito oportuno.

Coa finalidade de poder amparar todas as solicitudes das axudas directas no marco da aplicación da política agrícola común en Galicia financiadas polo Fondo Europeo de Garantía Agraria e xestionadas polo Fondo Galego de Garantía Agraria, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, aprobouse o correspondente expediente de modificación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, incrementar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 313/2009, do 4 de xuño,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas especificadas nos capítulos II, III e IV do título II da Orde do 29 de xaneiro de 2009 (DOG nº 21, do 30 de xaneiro), conforme a disposición adicional primeira, parágrafo 1, alínea a) da dita orde, incrementase no importe de 106.800.000 euros, e con cargo á aplicación 11.90.713F.779.1, primas gandeiras, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-O incremento de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 29 de xaneiro de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

**ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*Resolución do 22 de setembro de 2009
pola que se convoca unha actividade sobre
actualización de primeiros auxilios.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso de actualización de primeiros auxilios, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: actualización de primeiros auxilios.

Tipo: curso.

Horas lectivas: catro.

Modalidade: presencial.

Obxectivos: difundir as novas recomendacións en soporte vital básico. Mellorar o pronóstico da parada cardiorrespiratoria (PCR). Difundir as normas e técnicas de actuación na atención ao paciente dentro das principais situacións de urxencia e emerxencia sanitaria ante as que se poden atopar os membros dos servizos de emerxencia e protección civil.

Actualizar os coñecementos para acceder á formación necesaria para a utilización e manexo dos desfibriladores externos (DESA) ao persoal non sanitario, membros dos servizos de emerxencias e protección civil.

Contido: o contido do curso de actualización de primeiros auxilios divídese en dúas partes:

-Teoría: (1 hora).

-Práctica: (3 horas).

Sobre actualización en soporte vital básico e primeiros auxilios.

2. Desenvolvemento da convocatoria.

Destinatarios/as: persoal dos servizos de emerxencias e protección civil.

Prazas ofertadas: 40 prazas.

3. Solicitudes de participación.

Prazo de inscrición e presentación.

1. A inscrición das persoas interesadas será grauíta.

2. As persoas interesadas poderán cubrir a solicitude que se amosa na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou o modelo anexo á convocatoria da actividade.

3. As solicitudes deberán vir asinadas pola persoa responsable da correspondente unidade e co selo desta. Este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

4. Presentación das solicitudes:

-Por correo á sede da Academia Galega de Seguridade Pública: avenida da Cultura, s/n 36680, A Estrada.

-A través do fax nº 886 20 61 23 do Servizo de Formación-Sección de Protección Civil e Bombeiros da Agasp, ou

-Segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 23 de outubro de 2009.